



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BUEU E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS OU ABANDONADOS.

REUNIDOS

Dunha parte, FÉLIX JUNCAL NOVAS, con DNI nº 52492655P, en nome e representación do Concello de Bueu (en adiante o Concello), con CIF P3600400J, na súa calidade de alcalde - presidente , e no exercicio das competencias que lle confire a lexislación vixente, en especial, o art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o art. 61.1.a da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Réxime Local de Galicia.

Por outra banda, Dona Laura Soliño Castiñeira, con DNI nº 73240623K como presidenta da Asociación Protectora de Animais do Morrazo, con enderezo en Broullón s/n , con CIF nº G-36196731.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense con capacidade suficiente para outorgar e formalizar este convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia e, para estes efectos, de común acordo

EXPOÑEN

PRIMEIRO.

O Concello ten competencia en materia de protección civil e protección da salubridade pública, todo iso segundo establecen as letras f) e j) do apartado segundo do artigo 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladoras das Bases de Réxime Local.

Ademais, de conformidade co artigo 25.1 do mesmo texto legal, os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias poden promover actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.





A Lei 4/2017 , de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia establece as normas que garantizan a protección e o benestar, así como a posesión e tenencia responsable de animais de compañía, incluídos os silvestres mantidos en cautividade con fins distintos do produtivos, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais recolle as atencións mínimas que han de recibir os animais dende o punto de vista hixiénico - sanitario, así como a tenencia, venda ou mantemento destes, a fin de garantir uns mínimos de bo trato dos animais, regulando a inspección e vixilancia, as obrigas dos seus posuidores, os centros de recollida e albergues ou as instalacións para o seu mantemento temporal.

Segundo se indica no artigo 22 .1 desta Lei, “corresponderá aos concellos a recollida de animais extraviados e abandonados e o seu aloxamento nun centro de protección animal. Para iso deberán contar cun servizo de urxencia para a recollida e atención veterinaria destes animais, dispoñible as vinte e catro horas do día. Esta xestión poderá realizarse directamente polos servizos municipais competentes ou por entidades privadas, sen prexuízo de que, sempre que sexa posible, se realice en colaboración con entidades de protección animal”.

SEGUNDO. A Lei 7/2013 define no seu artigo 3 como entidades de protección animal aquelas entidades sen ánimo de lucro, que desenvolvan calquera actividade de coidado, rescate, rehabilitación, búsqueda de adopción de animais, xestión de colonias felinas, concienciación en tenencia de animais responsable ou defensa xurídica dos animais, inscritas no Rexistro de entidades de protección animal de conformidade co disposto nesta lei.

TERCEIRO. A Asociación Protectora de Animais do Morrazo é unha asociación de protección e defensa dos animais constituída legalmente e sen fin de lucro, e que ten por obxecto fundamental a protección e defensa dos animais do medio no que viven.

CUARTO. No lugar de Broullón a Asociación Protectora de Animais do Morrazo conta cunhas dependencias de refuxio de animais con número de rexistro zoolóxico 36/029/0007/CR





QUINTO. A Asociación Protectora de Animais do Morrazo manifesta non estar en ningunha das situacións que establecen os artigos 13.2 e 10.2, da Lei 38/2003 xeral de subvencións e da Lei 9/2017 de subvencións de Galicia respectivamente, e está ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Bueu.

SEXTO. A Lei 40/2015 de Réxime Xurídico no seu artigo 48.1 establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidade de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

As dúas partes recoñécense competencia e capacidade legal suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é definir as condicións nas que se realizará a colaboración entre o Concello de Bueu e a Asociación Protectora de animais do Morrazo coa finalidade de garantir a recollida de animais extraviados e abandonados e o seu aloxamento nun centro de protección animal.

Na actualidade, debido ás condicións do centro destinado ao seu fin social sito no lugar de Broullón, unicamente se incluírá a recollida de cans extraviados e abandonados, non podendo asumir a entrada doutras especies por razóns de salubridade e seguridade.

SEGUNDO. COMPROMISOS DAS PARTES

A Asociación Protectora de Animais obrígase polo seguinte convenio:

- a) Á recollida dos cans abandonados, previa solicitude do Concello. Entenderase neste suposto, os cans abandonados, feridos, enfermos e maltratados; a custodia, alimentación e coidado da totalidade dos cans que se alberguen nas instalacións do centro de recollida, especialmente dos feridos e maltratados.





- b) Á xestión e conservación das instalacións do refuxio de animais de Broullón (Moaña), manténdoo en condicións dignas de utilización, sen prexuízo das actuacións que puideran promoverse para a súa mellora.
- c) A estar operativa no centro de protección animal de luns a sábados dende ás 09:00 h ata as 17:00 h. Fóra deste horario, só serán atendidas pola Asociación as urxencias, entendendo como tal cans atropelados ou feridos.
- d) Ao sacrificio por motivos de seguridade das persoas ou animais ou da existencia de risco para a saúde pública debidamente xustificado.
A eutanasia soamente estará xustificada baixo criterio e control veterinario co único fin de evitar o sufrimento por causas non recuperables que comprometa seriamente a calidade de vida do animal e que terá que ser acreditado por profesional veterinario colexiado.
- e) Ao coidado, atención e vixilancia dos animais illados ou en observación no recinto, cando as circunstancias así o requiran ou o determinen os facultativos do servizo que os controlarán sanitariamente.
- f) A recollida e retención no centro efectuarase sempre en condicións totalmente compatibles cos imperativos biolóxicos da súa especie.
- g) A poñer a disposición da administración municipal a documentación relativa aos cans relacionada directa ou indirectamente co obxecto do convenio.
- h) A fomentar as adopcións dos animais do refuxio respectando a normativa.
- i) A levar a documentación necesaria relativa á entrada e admisión de animais, vacinación, sacrificios, identificación, etc. Especialmente cando o determinen os servizos técnicos municipais en razón da seguridade, hixiene e control da poboación animal.
- j) O especial cumprimento das instrucións e ordes que dite o persoal facultativo dos servizos veterinarios en relación cos animais que causen lesións ou resulten sospeitosos de padecer enfermidades contaxiosas.
- k) A Asociación Protectora entregará os cans aos seus donos sempre que a reclamación se realice no prazo de 10 días seguintes á súa notificación ou publicación, de acordo co establecido no artigo 23 da Lei 4/2017.
Para a entrega, a persoa que reclame o animal deberá demostrar a súa condición de dono a través do correspondente microchip; de non contar con el, deberá facelo a través doutros medios tales como cartillas de vacinación, fotos ou calquera outro medio.





A Asociación procederá a identificar o animal coa marcación establecida pola Lei se non a tivese, e a persoa que se identifique como dono asumirá os gastos xerados por esta actuación.

- l) Identificar e rexistrar, no mesmo momento da súa entrada no centro, a todos aqueles animais que sexan recollidos sen portar identificación.
- m) A Asociación Protectora de Animais non poderá establecer convenios nin concertos puntuais con propietarios ou posuidores de animais para a exclusiva custodia ou garda de cans mediante prezo.
- n) A Asociación Protectora de Animais quedará obrigada fronte ao persoal que poida contratar, do cumprimento das obrigas sociais, laborais, económicas e fiscais que correspondan, sen que o incumprimento das mesmas implique responsabilidade algunha para o Concello.
- o) A asociación queda obrigada a reflectir a difusión do financiamento percibido polo Concello de Bueu nas instalacións, páx. Web ou redes sociais.
- p) A Asociación Protectora de Animais disporá dos servizos profesionais dun veterinario/a propio nas instalacións, e se isto non fose posible traballará con calquera veterinario/a da zona que será elixido libremente pola Asociación.
- q) A Asociación Protectora queda obrigada ao cumprimento en xeral da normativa establecida na Lei 7/2023 ou outra que se estableza sobre as medidas hixiénico - sanitarias relativas ós cans e especialmente cumprirá as condicións e requisitos sinalados nos artigos 46 e seguintes da Lei 7/2023.

O Concello de Bueu comprométese a:

- a) Prestar á Asociación o apoio necesario para o cumprimento do presente Convenio poñendo a súa disposición os medios humanos e materiais suficientes e adecuados para cada caso.
- b) A realizar cos medios propios, os servizos de recollida e custodia dos animais no período comprendido entre as 17.00 horas e as 9.00 horas do día seguinte, de luns a venres e os festivos e fins de semana dende as 17 horas do sábado, salvo os casos determinados como urxencias entendendo como tales os cans atropelados ou feridos (debéndoselle de comunicar calquera feito que se produza nese período á Asociación).
- c) A fomentar as adopcións dos animais do refuxio respectando a normativa





- d) O outorgamento dunha axuda anual de 9.000 € para facer fronte os gastos que supón a xestión do centro e as demais obrigas establecidas neste convenio.
 - e) Poñer a disposición da Policía Local un lector de microchip que deberá ser empregado no caso de recoller algún can, accedendo á base de datos do Regiac (Rexistro galego de animais de compañía), comunicándose cos donos no seu caso, e poñendo en coñecemento da Asociación os feitos así como o resultado da lectura, para que no caso de non contar con microchip ou non tendo datos do mesmo, se tomen as medidas precisas en canto á custodia do animal. En calquera caso, respectarase o horario hábil da Asociación, debendo asumir o Concello a través da Policía Local a custodia do animal nas horas inhábiles asegurando que as condicións nas que se atope sexan as mellores posíbeis.
 - f) Facilitarlle a través da Policía Local os datos dos propietarios do can que figuran no Regiac, cando este fose recollido pola Asociación.
 - g) Contar cunha zona habilitada (enténdese por dita zona unha canceira, cuarto, ou outro espazo en condicións óptimas) para o resguardo e custodia do animal mentres este non é entregado aos seus donos ou recollido pola Asociación.
 - h) Colaborar coa Asociación no fomento da adopción dos animais acollidos na instalación.
 - i) A asumir os gastos veterinarios daqueles cans abandonados que antes de ingresar ao refuxio precisasen de tratamentos sanitarios; sempre que se notifique previamente ao concello da situación.
- Estes gastos serán directamente aboados polo Concello aos servizos veterinarios polo procedemento habitual de pagamento de facturas.

TERCEIRA. RÉXIME ECONÓMICO E FINANCIAMENTO

O Concello de Bueu achegará á Asociación Protectora de Animais do Morrazo unha cantidade anual de 9.000 €, que se financiará con cargo á partida 311.489.00 dos orzamentos municipais vixentes en cada período.

De acordo co establecido no artigo 34 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, o Concello realizará o pagamento anticipado do 80% do importe do convenio con carácter previo á xustificación como medida de financiamento necesario para levar a cabo as actuacións.





O pagamento restante, realizarase no momento da completa xustificación pola Asociación do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

Esta achega terá o carácter de subvención e será compatible con outras axudas, subvencións ou ingresos percibidos para a mesma finalidade, tendo en conta que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

O beneficiario ten a obriga de comunicar ao Concello de Bueu, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

CUARTA. XUSTIFICACIÓN

Para a xustificación e pagamento final (20% restante), e tendo en conta que a achega municipal ten o carácter de subvención, será aplicable a Lei 38/2003 xeral de subvencións e o seu regulamento, e a Lei 9/2017 de subvencións de Galicia e o seu regulamento.

A Asociación Protectora de Animais do Morrazo deberá presentar a seguinte documentación xustificativa **no prazo máximo dun mes** dende a data de finalización do convenio:

- Memoria xustificativa na que se incluírá información sobre as actividades realizadas: número de cans acollidos, falecementos, adopcións, esterilizacións practicadas ou tratamentos veterinarios,...
- Conta xustificativa de gastos: Relación de facturas/gastos para xustificar a subvención concedida, segundo o modelo anexo I.
- Facturas e/ou xustificantes dos gastos subvencionados no período correspondente, así como xustificantes bancarios acreditativos do seu pagamento. Para aqueles gastos con importe inferior a 1.000 € poderase utilizar o pagamento en efectivo e a factura deberá incorporar a lenda de pagado, a data de pagamento, selo da empresa e sinatura e identificación da mesma (Nome completo e NIF de quen asina).





- Conta xustificativa de ingresos: Declaración responsable doutras axudas, subvencións ou ingresos percibidos para a mesma finalidade con indicación da súa procedencia e importe (Anexo II)

No caso de percibir outras axudas ou ingresos, deberán presentar a relación de facturas e/ou gastos para xustificar estas subvencións ou axudas percibidas.

- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social e ATRIGA.
- Acreditación da difusión do financiamento percibido do Concello de Bueu.
- Certificación bancaria do número de conta.

Unha vez recibida esta documentación, o Concello de Bueu solicitará á Policía Local un informe con relación ás demandas recibidas para a recollida e atención a cans abandonados, que se unirá á documentación xustificativa presentada pola Asociación.

QUINTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables os que estean directamente relacionados coa natureza e obxecto do convenio e concretamente:

- Gastos de persoal da Asociación adicado ás labores e tarefas previstas neste convenio.
- Gastos de manutención e coidado dos animais recollidos.
- Limpeza e mantemento das instalacións.
- Gastos da marcación dos animais que fosen recollidos e non se identifiquen os seus propietarios.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2024 que respondan á natureza da actividade subvencionada.

Os gastos de persoal deberán xustificarse a través de nóminas e xustificantes de pagamento das mesmas, RLC e xustificantes de pagamento, modelo 111 do IRPF e xustificantes de pagamento.





O resto dos gastos xustificaranse con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, xunto coa acreditación de ter realizado o seu pagamento.

SEXTA. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

O Concello de Bueu, poderá comprobar, polos medios que considere oportunos, o cumprimento dos obxectivos e actuacións previstas neste Convenio, ademais do investimento das cantidades outorgadas en relación cos seus axeitados fins, e se, tras as actuacións de verificación, resultara que estas non foron destinadas aos fins para os que se terían concedido, a Corporación poderá esixir o reintegro do seu importe.

É obriga do beneficiario someterse a estas actuacións de comprobación e inspección a efectuar pola Administración Municipal, as de control financeiro que corresponden á Intervención e as previstas na Lexislación do Tribunal de Contas.

O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pago dos xuros de mora que se deveñen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

Así, a axuda concedida deberá ser devolta ou reintegrada nos casos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 e en todo caso cando :

- Se obteñan falseando as condicións requiridas.
- Non se apliquen aos fins para os que foron concedidas.
- Incumpra o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións establecidas neste convenio.

Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño.





SÉTIMA. SEGUIMIENTO

1. Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por:

- Dúas persoas representantes do Concello.
- Dúas persoas representantes da Asociación Protectora de Animais do Morrazo.

2. A comisión rexerá polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretario quen se designe da mesma forma.

3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Proposta, de ser o caso, de addendas.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio.

OITAVA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

O convenio modificarase por acordo unánime das partes de acordo co establecido na lexislación vixente.

NOVENA. EFICACIA E VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio terá efectos dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024 e poderá prorrogarse de forma expresa a través da correspondente addenda, por períodos anuais ata un máximo de catro (4) anos conforme ao disposto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A tramitación, subscripción e efectos da prórroga efectuarase de acordo co previsto na normativa aplicable.





DÉCIMA. INCUMPRIMENTO E EXTINCIÓN DO CONVENIO

Constituirán causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- a) O incumprimento grave das obrigas propias da Asociación Protectora de Animais, especialmente as establecidas nas cuestións hixiénico - sanitarias citadas pola administración.
- b) A insuficiencia notoria de medios, persoal ou materiais para o coidado, atención ou manutención dos animais que poidan chegar a entrañar riscos sanitarios.
- c) Impedir ou dificultar as tarefas de inspección ou control dos servizos municipais
- d) A falta de cumprimento reiterado das obrigas das partes contidas no presente convenio.
- e) O transcurso do prazo máximo de vixencia.
- f) O acordo unánime das partes asinantes.

DÉCIMO PRIMEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS

As actuacións deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.

DÉCIMO SEGUNDA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Ademais publicarase no Portal de Transparencia municipal.

DÉCIMO TERCEIRA. NORMATIVA APLICABLE.

Este convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos ao abeiro do establecido no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

No non previsto nas presentes cláusulas, serán de aplicación as Bases de Execución do vixente Orzamento Xeral Municipal, no relativo ao recoñecemento e pagamento de





CONCELLO DE BUEU

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8 . 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
TLF. 986 39 00 29 / FAX 986 32 20 99
CIF: P3600400 J. Rex. E.111



subvencións; R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de Marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Lei 38/2003, do 17 de Novembro, Xeral de Subvencións; Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ademais das normas de dereito administrativo e da xurisdicción contencioso – administrativa.

E para que conste para os efectos oportunos, asinan o presente convenio as partes indicadas na data da sinatura electrónica.

Documento asinado electronicamente á marxe.





CONTA XUSTIFICATIVA DE GASTOS

DATOS DA ENTIDADE

Razón social:

NIF:

ENDEREZO

Tipo de vía:

Nome da vía:

Núm.

Portal:

Piso:

Provincia:

Concello:

Código postal:

Correo-e:

Tel.:

Móbil:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

Nome:

1º apelido:

2º apelido:

NIF:

En calidade de:

Correo-e:

DECLARACIÓN RESPONSABLE

A persoa responsable declara:

a. Que para a actividade/investimento

se realizaron os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

Núm.	Provedor/empresa	NIF	Núm. factura	Concepto	Importe





--	--	--	--	--	--

[illegible]

b. Que se xunta a relación de facturas polo importe da subvención concedida e que o resto dos xustificantes se atopan na sede da asociación/entidade e a disposición do Concello de Bueu para o seu exame.

c. Que os gastos que arriba se detallan son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e foron reflectidos nos libros contables da entidade.

d. Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións para cada actividade/investimento non superaron o importe total dos gastos devengados.

e. Que o custo total da actividade/investimento ascendeu a _____ euros.

f. Que se fixo a debida divulgación do financiamento Do Concello na actividade/investimento subvencionada.

g. Esta entidade/asociación está ó corrente coas súas obrigas tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e non ten débedas de ningún tipo coa Deputación.

Naqueles casos nos que o cadro da conta xustificativa non sexa suficiente para confeccionala, deberase cubrir o documento anexo

SINATURA

Lugar e data: _____, _____ de _____ de _____





ANEXO II CONTA XUSTIFICATIVA DE INGRESOS

DATOS DA ENTIDADE

Razón social:

NIF:

ENDEREZO

Tipo de vía:

Nome da vía:

Núm. Portal: Piso:

Provincia:

Concello:

Código postal:

Correo-e:

Tel.:

Móbil:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

Nome:

1º apelido:

2º apelido:

NIF:

En calidade de:

Correo-e:

DECLARACIÓN RESPONSABLE

A persoa responsable declara:

a) Que a esta entidade/asociación SI NON se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade e que os ingresos da actividade foron os que se recollen no seguinte cadro:

CONTA XUSTIFICATIVA	
CONCEPTO DE INGRESO	IMPORTE
Achegas propias da entidade solicitante	
Achegas das persoas socias e/ou participantes	





CONCELLO DE BUEU

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8 . 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
TLF. 986 39 00 29 / FAX 986 32 20 99
CIF: P3600400 J. Rex. E.111



Achegas doutras entidades públicas (detallar)	
Achegas doutras entidades privadas	
Outros (detallar)	
Subvención concedida polo Concello de Bueu	
Total:	

b) Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións para actividade/investimento non superaron o importe total dos gastos devengados.

SINATURA

Lugar e data:						
	,		de		de	

